



PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

MESTRAS: Ana M^a Lema Esperante e Patricia Teijeiro Álvarez

1. INTRODUCCIÓN

O noso traballo ten comofinalidade ofrecer ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) a resposta educativa e os recursos que precisen para poder acceder da forma máis normalizada e inclusiva ao seu currículo de referencia.

Esta programación é flexible e está aberta a posibles modificacións que podan xurdir durante o curso tanto na atención de outros nenos/as con dificultades de aprendizaxe como na temporalización dos apoios, na metodoloxía e recursos a empregar.

Ten en conta as previsións do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo realizada a finais do curso pasado así como as avaliacións iniciais e as avaliacións psicopedagóxicas.

Os apoios poderanse realizar fóra, dentro da aula de referencia ou combinando ambas modalidades de apoio. A Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada materia e, poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnos/as de forma simultánea.



2. ORGANIZACIÓN POR CURSOS DO ALUMNADO CON NEAE

Na seguinte táboa aparece o alumnado con NEAE que precisa apoio de PT neste curso escolar:

ALUMNO/A QUE PRESENTA NEAE ASOCIADAS A:	CURSO	SESIÓNS
TEA	4ºA de Ed. Infantil	4
TEA	4ºB de Ed. Infantil	4
Procedente do estranxeiro	4ºB de Ed. Infantil	3
Trastorno do neurodesenvolvemento e trastorno específico da linguaxe	5ºA de Ed. Infantil	4
TEA	5ºA de Ed. Infantil	4
TEA	5ºB de Ed. Infantil	4
Dificultades de aprendizaxe	6ºB de Ed. Infantil	2
Retraso da linguaxe. Pendente valoración de USM	6ºB de Ed. Infantil	2
TEA	6ºB de Ed. Infantil	2
Multideficiencia	1ºA de Ed. Primaria	10
Dificultades de aprendizaxe	1ºB de Ed. Primaria	5
Multideficiencia	1ºB de Ed. Primaria	5
Dificultades de aprendizaxe	1ºB de Ed. Primaria	5
Dificultades de aprendizaxe	1ºB de Ed. Primaria	5



Dificultades de aprendizaxe	2ºA de Ed. Primaria	2
Dificultades de aprendizaxe	2ºA de Ed. Primaria	2
TDAH	2ºB de Ed. Primaria	2
Dificultades de aprendizaxe	3ºA de Ed. Primaria	2
Dificultades de aprendizaxe	3ºA de Ed. Primaria	2
TEA	3ºA de Ed. Primaria	2
Dificultades de aprendizaxe	3ºB de Ed. Primaria	3
Dificultades de aprendizaxe	3ºB de Ed. Primaria	3
Dificultades de aprendizaxe	3ºB de Ed. Primaria	3
TDAH	3ºB de Ed. Primaria	3
Historia familiar	3ºB de Ed. Primaria	3
Dislexia	3ºC de Ed. Primaria	2
Multideficiencia	3ºC de Ed. Primaria	2
TDAH	4ºB de Ed. Primaria	1
Dificultades de aprendizaxe	4ºB de Ed. Primaria	1
Dificultades de aprendizaxe	4ºB de Ed. Primaria	1
Dificultades de aprendizaxe	4ºB de Ed. Primaria	1
Dificultades de aprendizaxe	5ºA de Ed. Primaria	2
TDH	5ºA de Ed. Primaria	2
Pendente valoración	5ºA de Ed. Primaria	2
Pendente valoración	5ºA de Ed. Primaria	2



Trastorno do neurodesenvolvemento	6ª B de Ed. Primaria	2
Dificultades de aprendizaxe	6ª B de Ed. Primaria	2
Dificultades de aprendizaxe	6ª B de Ed. Primaria	2
Dificultades de aprendizaxe	6ª B de Ed. Primaria	2
Dificultades de aprendizaxe	6ª B de Ed. Primaria	2

3. CONCRECIÓN DAS FUNCÍONS

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación, o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica realizará as seguintes funcións:

Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

- a) Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que excepcionalmente, se atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo, tendo en conta a proposta de distribución de docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación e autorizada pola dirección do centro docente.
 - b) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado de área ou da materia que corresponde e segundo a orientación e o asesoramento do xefe do departamento de orientación.
 - c) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación deles.
 - d) Participar na planificación e desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
-



-
- e) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
 - f) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumno/a ao que prestara apoio, coordinado polo xefe do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.
 - g) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

4. TEMPORALIZACIÓN

O número de sesións de atención ao alumnado con NEAE poderá variar en función das súas necesidades e do seu progreso académico.

Os agrupamentos realizaranse tendo en conta as características dos nenos/as.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía será individualizada, procurando que a aprendizaxe resulte funcional e significativa.

Propoñeranse actividades que fomenten a adquisición das competencias clave e en graos progresivos de dificultade. Empregaranse as novas tecnoloxías como un medio para reforzar as aprendizaxes e de busca de información.

Ademais, para favorecer a aprendizaxe do alumnado, procurarase:

- Simplificar o ambiente de traballo e eliminar estímulos que provoquen dispersión.
 - Empregar instrucións verbais claras e concisas para facilitar a comprensión.
-



- Adaptar o nivel de esixencia as súas posibilidades.
- Reforzar cada esforzo e cada logro por pequeno que este sexa.
- Propoñer actividades axeitadas ao seu nivel de competencia curricular, que non sobrepasen o tempo que é capaz de atender, aínda que si procuren aumentalo.
- Empregar Sistemas Aumentativos ou Alternativos da Linguaxe (SAAC), co alumnado que o precise, para apoiar as aprendizaxes e facilitar a adquisición á linguaxe oral.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Nas aula de PT hai de materiais diversos para traballar as destrezas instrumentais, ábacos, puzzles, dominós, letras móbiles, **reloxos, ordenador...** Tamén, se elaborarán materiais tendo en conta os centros de interese e as necesidades do alumnado.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN

A avaliación comprenderá tres fases:

- A avaliación inicial. Levarase a cabo a comezo de curso para valorar as necesidades do alumnado e establecer os obxectivos a traballar. Manteranse reunións cos titores para determinar a organización dos apoios e os obxectivos a desenvolver co alumnado. Ademais, teranse en conta os Informes Psicopedagóxicos e os Informes Individualizados.
- A avaliación continua. Permitirá coñecer se están cumprindo os obxectivos e, se non é así, introducir os cambios precisos.
- A avaliación final. Farase ao remate do curso para comprobar o grao de adquisición dos contidos e deixará constancia dos logros acadados e a posibilidade de continuar cos apoios en cursos posteriores.



Realizarase un rexistro diario dos contidos traballados e das actividades reflectindo as observacións oportunas que permitan modificar a intervención segundo as necesidades e intereses do alumnado con NEAE. Ao finalizar o curso, elaborárase un Informe Individualizado de Pedagogía Terapéutica que quedará no expediente do alumnado.

8. COORDINACIÓN NAS COMUNICACIÓNS INTERNAS E EXTERNAS

Para atender ás necesidades educativas que presenta o alumnado con NEAE o Departamento de Orientación reunirse para coordinar o seu traballo, intercambiando información sobre o proceso do alumnado con NEAE. Ademais, manterase unha relación fluída cos titores e mestres especialistas procurando que a resposta educativa ao alumnado sexa a máis axeitada.

En canto á coordinación coas familias e con outros recursos persoais externos como o Equipo de Atención Temperá do concello, o Equipo de Orientación Específico ou outros profesionais de ámbito privado como ASPANAES, estableceremos con eles unha relación de coordinación e colaboración.
